

## **XXI edición do Premio Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria 2016**

### **Bases**

1. O Concello de Ferrol convoca a XXI edición do Premio de carácter bianual Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria, que ten por obxecto declarar o mérito apreciado nas obras gañadoras, presentadas en concorrencia con outras, e promover a creatividade artística e literaria.

2. O certame comprenderá dúas modalidades:

- *Premio de investigación lingüística ou ensaio* (entendendo o ensaio como xénero literario nas claves de xeración do discurso, debate e reflexión), no que os traballos presentados terán unha extensión mínima de 100 folios e máxima de 250 folios.
- *Premio de creación literaria* (narración curta), que consistirá nunha narración curta ou nun conxunto de contos por autor, cun máximo de 60 folios.

3. A dotación para cada unha das modalidades do premio será de 3.700 € impostos engadidos. Ademais as obras gañadoras serán publicadas polo Concello de Ferrol. Respetaranse os orixinais presentados incluída a normativa lingüística.

4. Poderán participar neste premio todo/as os autores e autoras, de calquera nacionalidade, que presenten as súas obras escritas en lingua galega, con liberdade normativa, e que non obtivesen o premio en calquera das dúas modalidades, nas dez edicións anteriores a esta.

5. De cada obra presentarse unha copia en soporte dixital e cinco copias en soporte papel

O soporte dixital deberá incluír na cuberta: XXI Premio Ricardo Carvalho Calero, o título da obra, e un lema ou pseudónimo da persoa que sexa a súa autora. O tratamento de texto será Word, *OpenOffice* ou PDF.

Os requisitos técnicos das obras en papel serán: folios DIN A-4, letra *Times New Roman*, tipo 12 en texto, 10 en notas a pé de páxina e 9 en citas textuais de máis de tres liñas; interliñado sinxelo, marxes de 3 cm, numeradas, grampadas ou encadernadas.

As obras serán presentadas baixo o sistema de plica, polo que serán enviadas xunto cun sobre á parte en cuxo exterior conste: XXI Premio Ricardo Carvalho Calero, o título da obra, e un lema ou pseudónimo da persoa que sexa a súa autora. No seu interior incluírase unha copia do documento de identidade, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico, breve currículo e unha declaración expresa de que a obra é inédita e non foi premiada ata a data de presentación, en ningún outro certame ou premio.

6. O prazo para a presentación das obras orixinais contará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP e finalizará o 15 de setembro.

Os orixinais enviaranse ao seguinte enderezo indicando no exterior do sobre o seguinte:

Concello de Ferrol - Rexistro Xeral  
*XXI Premio Ricardo Carvalho Calero*  
Praza de Armas, s/n  
15402-Ferrol

7. O xurado, que será nomeado polo Concello, estará formado por un presidente ou presidenta, que será o concelleiro delegado de Cultura ou persoa en quen delegue e catro vogais, entre as que figurarán o/os gañador/es da edición anterior, un representante da Sociedade Cultural Medulio e personalidades do campo das letras, previa proposta da entidade Sociedade Cultural Medulio. Unha funcionaria do negociado de Cultura desenvolverá as funcións de secretaria, e actuará con voz e sen voto.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade a súa reunión, na páxina web [www.ferrol.es](http://www.ferrol.es), co fin de que se poidan interpoñer os recursos legais pertinentes.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado resérvase o dereito de que o premio quede deserto no caso de que considere que as obras presentadas non teñen a calidade mínima esixible.

As plicas correspondentes ás obras finalistas poderaas abrir o secretario ou secretaria do xurado co fin de que se poida dar a coñecer o seu nome.

8. O ditame do xurado farase público, despois de reunirse para decidir o premio, no último trimestre do ano e a data darase a coñecer coa publicación do fallo do xurado na páxina web [www.ferrol.es](http://www.ferrol.es).

9. As obras non premiadas serán destruídas con posterioridade ao coñecemento do ditame do xurado. Non obstante, devolveráselles aos/ás autores/as que o soliciten, no prazo de un mes contado a partir do fallo do xurado. Os gastos de devolución serán por conta dos/as autores/as.

10. O Concello de Ferrol reserva para si os dereitos de autor na primeira edición; a partir da segunda as obras premiadas pasan a ser propiedade da persoa autora, que deberá facer constar a condición de persoa gañadora do XXI Premio Ricardo Carvalho Calero na modalidade que corresponda.

A presentación da obras supón a aceptación destas bases por parte dos autores.

11. A Sociedade Cultural Medulio colaborará co Concello de Ferrol no desenvolvemento deste premio.

Ferrol, 27 de xuño de 2016

O concelleiro delegado de Cultura, Educación e Universidade

Jesús Basterrechea López

Dilixencia.- Para facer constar que estas bases resultan da modificación proposta (punto 7) na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Turismo do 27/06/2016.

Ferrol, 27 de xuño de 2016

A secretaria da Comisión